



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E A ASOCIACIÓN CLÚSTER EMPRESARIAL DE TURISMO DE GALICIA (CTG) PARA A PROMOCIÓN E COMERCIALIZACIÓN DE GALICIA COMO DESTINO TURÍSTICO.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou coa Asociación Clúster Empresarial de Turismo de Galicia o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 18 de marzo de 2016 ata a completa organización e finalización das actividades e a liquidación das obrigas resultantes, rematando en todo caso o 31 de decembro de 2018.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

O obxecto do presente convenio é o outorgamento dunha subvención directa para sufragar os gastos derivados das actividades dirixidas á promoción e o fomento da comercialización de Galicia como destino turístico, e en especial dos seus produtos cabeceira de marca.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

1.- A Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 9 do Decreto 196/2012, do 27 de setembro polo que se crea a Axencia Turismo de Galicia, é o órgano

da Xunta de Galicia ao que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de fomento e competitividade do turismo.

2.- É de interese xeral para Galicia unha adecuada promoción e comercialización da nosa Comunidade Autónoma como destino turístico, segundo establece o Plan Integral de Turismo de Galicia. Esta tarefa debe vir enfocada nunha tripla dirección: Por unha banda, mediante o fortalecemento dos procesos de intermediación e comercialización; por outra banda, mediante a promoción para o impulso do turismo interno e de proximidade; e por último, a través da promoción para o impulso do turismo internacional.

Por outra banda, a Xunta de Galicia ven de aprobar o pasado 24 de setembro de 2015, o Plan Estratéxico do Camiño de Santiago en Galicia, 2015-2021. Este Plan preséntase co firme obxectivo de protexer e preservar a Ruta Xacobeá, en todas as súas vertentes, e centra a contribución do Camiño ao fortalecemento da unidade da marca de Galicia.

3.- A asociación sen ánimo de lucro CTG, constituída o 20 de xuño de 2013, ten como finalidade a representación, defensa e difusión dos intereses comúns dos seus membros, o fomento das actividades principais ou nucleares da cadea de valor do turismo (actividades de apoio, actividades centradas no subministro e actividades centradas no equipamento) así como o incremento da competitividade do sector turístico para o cal realizará cantas accións estime necesarias, promovendo e impulsando a interacción dos distintos axentes co fin de dinamizar e fomentar as relacións entre eles, proporcionando unha plataforma de encontro axeitada para poder cumprilo reto de desenvolver o sector do turismo en Galicia. Ademais, é a única entidade en Galicia que agrupa e representa a toda a cadea de valor do sector turístico de Galicia, o cal dificulta a convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

A xerente de Turismo de Galicia

Elena Barca Ramos